



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 18 de xullo de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 11 de xullo de 2018.
2. Clasifícanse as ofertas e requírese documentación ó licitador proposto como adxudicatario nas obras de “Pavimentación e mellora de camiño rural Cemiterio de Santo Tomé-Esperela”, financiada polo Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).
3. Dáse conta da concesión de subvención para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio histórico-cultural, da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe de 21.636,66 euros, con destino ó financiamento do proxecto de “Renovación de pavimento na praza de abastos”.
4. Dáse conta da resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, de estimación de solicitude de adhesión do punto de información turística de Marín á Rede de Oficinas de Turismo “Info Rías Baixas” e aprobación do convenio para dita adhesión.
5. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión de subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e convocatoria para os anos 2018-2019, da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300024EC200W1K4O3G1N1A7 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190151234
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 10/01/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 10/01/2019 15:09:13	Fecha: 10/01/2019 Hora: 15:09